



PLAN OPERATIVO ESPAZOCOOP 2023

Santiago de Compostela, a 12 de abril de 2023

Obxectivo estratéxico 1.- **Visibilizar o cooperativismo e incrementar a súa incidencia política.**

Incrementar a visibilidade de Espazocoop e das cooperativas que representa. Conseguir o recoñecemento público e social, e incrementar o peso do cooperativismo no deseño e desenvolvemento das políticas públicas. Ser o referente do sector cooperativo en Galicia.

Liñas estratéxicas	1. Mellorar a visibilización e recoñecemento do cooperativismo, tanto institucional como socialmente. Traballar nunha identidade que poña en valor o cooperativismo. Mellorar os procesos de comunicación externa.						
Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1T	2T	3T	4T
Consolidar relacións institucionais e incrementar contactos	<ul style="list-style-type: none"> - Incrementar os contactos institucionais (específicos e a través do ForoESGal) e manter as liñas de colaboración abertas coas administracións autonómica (consellerías), provinciais (deputacións) e locais (concellos). - Realizar interlocución política, no contexto do ano electoral, tanto individual como en coordinación co ForoESGal. - Visibilizar o cooperativismo e formar parte de programas e liñas estratéxicas da Consellería, destinadas á creación e apoio ao emprego, como son os Polos de emprendemento. - Defensa de dereitos e intereses das cooperativas en convocatorias de axudas, licitacións, normativa. Intermediación e representación. - Actividades de visibilización e fomento do cooperativismo, propias e dando resposta a demandas concretas. - Incrementar a presenza de EspazoCoop en foros xeneralistas e/ou sectoriais, non específicos da economía social. 	Ana	Mar Miguel Roberto Emi Nuria Resto equipo técnico	x	x	x	x
Plan de comunicación externo. Consolidar a presenza en medios	<ul style="list-style-type: none"> - Consolidación do Gabinete de comunicación. - Mellorar a coordinación cos gabinetes de comunicación das entidades representativas estatais e doutras territoriais. 	Nuria	Ana Resto do equipo e CR, para novas	x	x	x	x

Liñas estratéxicas	2. Incrementar a interlocución e ter presenza nos distintos espazos onde se traballe a prol do fomento do emprego e da creación de empresas. Reforzar a participación nos foros nos que se podan tomar decisións sobre o cooperativismo e a economía social. Establecer alianzas e colaboracións con entidades cooperativas e da economía social.						
Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1T	2T	3T	4T
<p>Consolidación da presenza en entidades da Economía Social</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consello da Economía Social de Galicia - ForoESGal - CES-Galicia - REAS-Galicia 	<ul style="list-style-type: none"> - Consolidación das entidades e apoio ás liñas de acción do ForoESGal - Aprobación e implementación da Estratexia Galega da Economía Social - Defensa dos intereses do Cooperativismo, no eido da Economía Social. 	Celso	Ana Mar Resto do CR e equipo tco	x	x	x	x
Fomento da intercooperación con outras entidades da Economía Social galega	<ul style="list-style-type: none"> - Participar nas actividades programadas polo ForoESGal: Cafés con aroma de Economía Social, Día da Economía Social galega. - Celebrar a Asemblea ordinaria en paralelo coas entidades do ForoESGal e outras entidades da economía social galega. - Fomentar a intercooperación entre as empresas de base e dinamizar procesos de colaboración sectoriais, dirixidos á xeración de negocio. - Dinamizar e participar en actividades de networking e grupos de traballo. 	Mar	Celso Ana Resto do CR e equipo tco	x	x	x	x
<p>Participación e/dinamización nas entidades representativas e con competencias en materia de Cooperativismo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consello Galego de Cooperativas - COCETA - UECO 	<ul style="list-style-type: none"> - Presenza nos seus órganos e participación nas actividades, tanto representativas como técnicas. - Realizar actividades e participar en actos de fomento do cooperativismo (Día do Cooperativismo Galego). - Proceso de modificación da Lei de Cooperativas: grupos de traballo político e técnico (coordinación co traballo interno) - Intercooperar en proxectos europeos - Coordinación e complementariedade coas área de comunicación. 	Mar	Ana Miguel Emi Roberto Resto do CR e equipo tco	x	x	x	x

<p>Fomentar e consolidar colaboracións con outras entidades para o impulso do cooperativismo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Universidades - Asociacións, Fundacións, etc. 	<p>- Participar e dinamizar procesos de colaboración, cos que se poidan desenvolver liñas de sensibilización, formación e/ou intervención, favorables ao cooperativismo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Univ. de Vigo: proxectos Life e Saves - Fundación Juana de Vega, Roberto Rivas, CEL, etc.: programa de Polos de emprendemento e apoio ao emprego - Fundación Ronsel: plans de empresa - Consellería, Agaca: programa ES-Mentoring, proxecto Poctep - Asinar Convenios de colaboración 	<p>Mar</p>	<p>Resto equipo técnico. Ana</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>
---	---	------------	--------------------------------------	----------	----------	----------	----------

<p>Liñas estratéxicas</p>	<p>3. Fortalecer o proceso de sectorialización orgánica da entidade na procura dunha intermediación especializada. Incrementar a interlocución nos eidos específicos de cada sectorial, reforzando a identificación de demandas e liñas de actuación específicas.</p>						
<p>Accións operativas</p>	<p>Descrición</p>	<p>Responsable</p>	<p>Implicada</p>	<p>1T</p>	<p>2T</p>	<p>3T</p>	<p>4T</p>
<p>Consolidar a sectorial de Ensino</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Consolidación e cohesión organizativa interna, fomentando a intercooperación e a formulación de actuacións conxuntas ante necesidades e problemáticas compartidas. - Programa de visitas intercentros - Incrementar a relación coas entidades patronais e sindicais do ensino concertado, de cara a reforzar posicións de negociación coa administración educativa. - Traballar no desenvolvemento empresarial, mediante accións formativas dirixidas a cadros directivos das cooperativas e dos centros de ensino. - Implementar a figura de "liberado cooperativo" para representación institucional. 	<p>Miguel</p>	<p>Carlos Roberto</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>
<p>Consolidar a sectorial Cultural</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Organización dunha xornada/evento/encontro do cooperativismo cultural. - Traballar a prol da intercooperación entre entidades da sectorial, mediante encontros periódicos. 	<p>Emi</p>	<p>Roberto</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - Buscar sistemas conxuntos de traballo técnico para a presentación de convocatorias da determinadas dimensións (licitacións, concursos públicos...). - Elaborar algún material de Boas prácticas ou Guías sobre a intercooperación no Sector Cultural . - Constituír comisión dinamizadora da sectorial - Continuar coa interlocución e defensa de intereses, perante a consellería de Cultura e abrir novas vías de comunicación outros organismos deputacións, concellos. - Continuar traballando a visibilización, presenza e colaboración da sectorial en diferentes ámbitos ou con outras asociacións e entidades referentes do sector. - Fomentar o emprendemento cooperativo en escolas e centros formativos, do eido cultural (escolas de arte, deseño, etc.) - Actividades sobre como presentarse liñas de financiamento, proxectos, licitacións, convocatorias específicas. 						
Dinamizar a sectorial de Asesorías e Consultoras	<ul style="list-style-type: none"> - Consolidar a sectorial, incorporando novas cooperativas e elaborando propostas de valor, que a convertan nun marco de referencia. - Organizar Encontros/formación sobre temáticas sectoriais, de interese - Traballar a prol da intercooperación entre entidades da sectorial: a través de encontros periódicos. - Revisión e dinamización da marca ExpertCoop. - Dinamización da Rede de Persoas mentoras e programa ES-Mentoring. 	Claudia	Teresa	x	x	x	x
Dinamizar sectorial de cooperativas de consumo consciente	<ul style="list-style-type: none"> - Manter reunións periódicas de posta en común. - Poñer en marcha actividades de intercooperación. 	Oscar	Ramón	x	x	x	x
Dinamizar outros grupos de interese que se identifiquen	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar o coñecemento mutuo para identificar necesidades compartidas, procesos de colaboración e posta en marcha actuacións que contribúan á súa consolidación. - Integrar grupos de traballo sectoriais a sectoriais das que podan formar parte para enriquecelas e complementalas (cooperativas do sector Tic á 	Ramón	Tere Consello Reitor	x	x	x	x

	sectorial de asesoría/consultoras). - Interlocución institucional, para evitar exclusións e defender intereses.						
--	--	--	--	--	--	--	--

Obxectivo estratéxico 2.- **Construír unha unión de cooperativas sostible e eficiente**

Fortalecer e ampliar a base social e incrementar a relación coas cooperativas socias e entre elas, con canles de comunicación interna áxiles e efectivas. Consolidar unha estrutura organizativa áxil, eficiente e capaz de dar resposta aos obxectivos estratéxicos establecidos. Acadar estabilidade económica diversificando os recursos financeiros e explorando novas alternativas de financiamento.

Liñas estratéxicas	4. Incrementar a base social da Unión, incorporando cooperativas de distintas clases e sectores, en especial as que non teñen representación. Incrementar o traballo de interlocución entre as cooperativas socias, artellar rede, incrementar a comunicación e o coñecemento mútuo e fomentar a intercooperación. Mellorar a interlocución coa propia Unión.						
Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1T	2T	3T	4T
Incremento da base social	<ul style="list-style-type: none"> - Actualización de directorios de cooperativas non socias. - Contacto trimestral con nove cooperativas non socias, presentando a Unión e os beneficios de asociarse. - Explorar liñas de colaboración con socias de Espazocoop para que axuden a Unión a un acercamento as cooperativas non socias coas que teñen contacto. 	Pilar Rosa Nuria Roberto	Resto equipo técnico. Base social	x	x	x	x
Incremento da comunicación e interrelación entre as cooperativas socias	<ul style="list-style-type: none"> - Manter e crear canais de comunicación tanto formais como informais para incrementar a comunicación coas cooperativas socias, presenciais, virtuais/mixtos. 	Pilar Rosa Nuria Roberto	Resto equipo técnico	x	x	x	x
Interlocución coa base social	<ul style="list-style-type: none"> - Crear e implementar programa de contactos periódicos, do equipo técnico coas cooperativas asociadas. - Reforzar as sectoriais alineando actuacións con intereses do Consello Reitor 	Rosa Nuria Roberto	Resto equipo técnico	x	x	x	x

Liñas estratéxicas	5. Incorporar mecanismos de mellora continua na organización do traballo. Avanzar na definición de funcións e responsabilidades da nova estrutura organizativa , así como na súa implementación e avaliación, promovendo a cohesión e o bo clima grupal, en coherencia cos principios, valores e obxectivos da organización.						
Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1T	2T	3T	4T
Consolidación do organigrama do equipo técnico	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación e mellora do sistema organizativo de EspazoCoop. - Desenvolver xornadas e/ou reunións de traballo para programación e coordinación de áreas de traballo - Reunións de intercambio co Consello Reitor - Implementación de medidas de mellora de condicións de traballo e clima laboral. 	Patane	Resto equipo técnico Consello Reitor	x	x	x	x
Implementación de ferramentas de xestión	<ul style="list-style-type: none"> - Implementación e avaliación de ferramentas de xestión e coordinación do equipo técnico - Xestionar servizos externos de apoio, mantemento e mellora. 	Patane	Resto equipo técnico	x	x	x	x
Incorporar novos recursos humanos bolseiros/persoal en prácticas para apoio a actividades.	<ul style="list-style-type: none"> - Manter programas de prácticas e bolsas formativas para o apoio ao equipo técnico en distintos procesos administrativos, de documentación, etc. - Contratacións laborais temporais asociadas a proxectos. - Incorporación da figura de Coordinación xeral. 	Patane	Equipo técnico	x	x	x	x
Avaliación e elaboración POA	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación o POA 2022 e 2023 - Elaborar de xeito participativo o POA 2023 e do 2024 - Organizar asemblea e consulta de avaliación e recollida de achegas para o planeamento 	Ramón Mar	Ana Consello Reitor Equipo Técnico Coops socias	x			x

Liñas estratéxicas	6. Acadar unha maior estabilidade no financiamento da Unión, diversificando as fontes de financiamento, priorizando programas e servizos de natureza plurianual e que promovan a intercooperación, incrementando o autofinanciamento.
---------------------------	--

Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1T	2T	3T	4T
Diversificación na captación de fondos, tanto públicos como privados.	<ul style="list-style-type: none"> - Posta en marcha de novos programas/actividades con distintas entidades (Deputacións, outros concellos, entidades privadas) co obxecto de diversificar na captación de fondos. - Establecer unha política de financiamento provisional que permita cubrir posibles desfases de tesourería, en función dos distintos programas e períodos de cobro para cubrir desfases. - Contacto con entidades, doutros territorios para lanzamento de proxectos e programas, de interese común. 	Ramón Angeles	Ana Mar Patane Teresa	x	x	x	x
Estabilidade financeira	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar proxectos plurianuais que garantan estabilidade na programación e ingresos da entidade 	Ramón Angeles	Ana Mar Patane Teresa	x	x	x	x

Obxectivo estratéxico 3.- Consolidación das actuacións de fomento do cooperativismo e fortalecemento dos servizos para as cooperativas socias

Impulsar os servizos de asesoramento e acompañamento a grupos promotores. Fortalecer e crear novos servizos para as cooperativas socias e para entidades e grupos específicos. Consolidar unha oferta formativa de calidade e innovadora.

Liñas estratéxicas	7. Dar resposta ás necesidades de asesoramento e de consultoría das cooperativas socias : impulsar novos programas e actividades formativas que contribúan á consolidación e mellora das capacidades das cooperativas socias. Reforzar a existencia de sectoriais dando resposta a demandas específicas.						
Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1T	2T	3T	4T
Catálogo de servizos para entidades socias	<ul style="list-style-type: none"> - Actualización do catálogo de servizos a prestar, segundo as actividades programadas, para o 2023, e asignación custos, se é o caso. - Identificar os servizos asociados á cota. 	Nuria	Equipo técnico	x	x		

Programación de actividades e programas para 2023	- Preparación, programación, xustificación e avaliación de actividades e coordinación dos contidos dos distintos programa e convocatorias- - Consolidar o programa ES-Mentoring.	Ramón	Equipo técnico	x	x	x	x
---	---	-------	----------------	---	---	---	---

Liñas estratégicas	8. Impulsar os servizos de asesoramento e acompañamento a grupos promotores . Asinar convenios de colaboración con entidades prescritoras que nos permitan tecer alianzas e crear un ecosistema favorable ao emprendemento cooperativo. Estudo, elaboración e implementación de ferramentas de apoio financeiro ás entidades socias da Unión a través de convenios de colaboración coas entidades de finanzas éticas e/ou cooperativas.						
Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1 T	2T	3T	4T
Programación de actividades	- Preparación, programación, xustificación e avaliación de actividades e coordinación dos contidos dos distintos programa e convocatorias. - Dinamizar a creación de cooperativas especializadas na xestión de subvencións. - Fomentar intercambio entre cooperativas recentes e as de nova creación. - Actividades de visibilización e fomento do cooperativismo, en resposta a demandas concretas.	Ramón	Equipo técnico	x	x	x	x
Dinamizar colaboracións con entidades e servizos de fomento do emprendemento	- Dinamizar procesos de colaboración con asesorías, servizos de fomento do emprendemento e/ou creación de empresas, viveiro de empresa. - Coordinación cos Polos de emprendemento e apoio ao emprego. - Programar e desenvolver actividades de sensibilización, formación e procesos colaborativos de creación de cooperativas. - Difundir ferramentas de financiamento ético-cooperativo - Asinar Convenios de colaboración - Procesos de avaliación para mellora continua	Ramón	Equipo técnico Ana	x	x	x	x

Liñas estratégicas	9. Revisión metodolóxica e mellora continua dos procesos de asesoramento, acompañamento e formativos. Creación
---------------------------	---

	de recursos que contribúan a mellorar e reforzar a xestión das cooperativas.						
Accións operativas	Descrición	Responsable	Implicada	1T	2T	3T	4T
Mellora continua do equipo técnico	- Identificar e programar actividades de formación interna e externa para o equipo técnico en base as necesidades formativas detectadas.	Patane	Equipo técnico	x	x	x	x
Elaboración de contidos, servizos e produtos.	- Actualización de contidos e creación de produtos, metodoloxías, intervencións dirixidos á innovación social - Especialización de oferta de servizos para as sectoriais atendendo as súas necesidades específicas	Patane	Equipo técnico	x	x	x	x

O Programa Operativo Anual de 2023, complementase cos:

ANEXO I.- Indicadores de cumprimento para 2023

ANEXO II.- Información sobre programación aprobada e prevista para o exercicio

ANEXO III.- Avaliación de contexto e riscos

ANEXO I

Indicadores de cumprimento para 2023

OBXECTIVO	LIÑAS	INDICADORES	2023	
1.-Visibilizar o cooperativismo e incrementar a súa incidencia política	1.- Mellorar a visibilización e recoñecemento. Traballar nunha identidade que poña en valor o cooperativismo. Mellorar a comunicación externa.	Nº de impactos de comunicación externa realizadas (Variación interanual)	45	
		Nº de visitas ao Web da Unión (variación interanual)	38.000	
	2. Incrementar a interlocución . Reforzar a participación na toma de decisións sobre cooperativismo. Establecer alianzas e colaboracións	Novos contactos realizados con entidades e institucións, públicas e privadas.	cualitativo	
		Nº de Convenios ou Acordos de colaboración con administración ou institucións políticas	5	
	3. Fortalecer o proceso de sectorialización. Incrementar interlocución e identificar liñas de actuación específicas.	Nivel de cooperativas pertencentes á sectorial, participantes nas actividades realizadas pola mesma	55%	
	2.-Construír unha unión de cooperativas sostible e eficiente	4. Incrementar a base social. Fomentar a interlocución e a intercooperación entre as cooperativas socias .Mellorar a interlocución coa propia Unión.	Nº de novas altas de cooperativas á Unión	70
Nº de actividades de intercooperación ou proxectos colectivos favorecidos desde a Unión.			4	
5. Mellora continua na organización do traballo. Definición de funcións e responsabilidades da nova estrutura organizativa, fomentando bo clima grupal.		% de execución das accións programadas no POA da Unión.	90%	
		Grao de satisfacción do equipo técnico nas actividades para mellora organizativa, cohesión e bo clima grupal (p.e.reunións / xornadas internas / actividades informais)	75%	
6. Maior estabilidade e diversificación do financiamento da Unión. Programas e servizos de natureza plurianual e incremento do autofinanciamento.		Nivel máximo de ingresos anuais por entidade provedora sobre o total de ingresos anuais	45%	
		Nivel de ingresos de programas/actividades de natureza plurianual sobre o total de ingresos anuais	55%	
3.- Consolidación das actuacións de fomento do cooperativismo e fortalecemento dos servizos para as cooperativas socias		7. Dar resposta ás necesidades de asesoramento das cooperativas para consolidación e mellora. Fortalecer as sectoriais e dar resposta a demandas específicas.	Nivel de participación das cooperativas asociadas nas actividades desenvoltas sobre o total das cooperativas socias	35%
			Grao de satisfacción das participantes coas actividades vinculadas á sectorial	80%
	8. Asesoramento e acompañamento a grupos promotores. Asinar convenios de colaboración con entidades prescritoras e con entidades de finanzas éticas e/ou cooperativas.	Nº cooperativas creadas resultado de procesos de acompañamento a grupos promotores	20	
		Convenios asinados con entidades prescritoras de emprendemento e de finanzas éticas e/ou cooperativas	10	
	9. Revisión metodolóxica e mellora continua dos procesos de asesoramento, acompañamento e formativos. Creación de recursos que contribúan a mellorar e reforzar a xestión das cooperativas.	Grao de satisfacción das cooperativas participantes cos procesos de mellora e recursos vinculados a servizos de asesoramento e formación.	80%	
		Grao de satisfacción dos grupos promotores e cooperativas de nova creación cos procesos e recursos vinculados a servizos de asesoramento e formación	80%	

ANEXO II.- Información sobre programación aprobada e prevista para o exercicio

PROXECTOS, CONVOCATORIAS e ACTUACIÓN S PREVISTAS PARA EXECUTAR NO 2023

a) Aprobadas

1.- Convocatoria CEPES-FSE, Programa Poises 2021-2023, período de execución 01/01/2023-31/08/2023

proxecto	Ingresos previstos (€)
Emprender en cooperativa (crear 10 cooperativas, formación e acordos)	29.902,29
Consolida tu cooperativa (acompañar 10 cooperativas)	16.612,21
Cooperativas de plataforma (1 curso + 1 cooperativa + 2 empregos)	11.005,27

Total ingresos previstos : 57.519,77 €

2.- Convocatoria Actividades da Rede Eusumo. Anualidade 2022, a executar no período: 01/10/2022-30/10/2023

actividade/programa	edicións
Programa Colectivos : A solución é cooperativa	1 edición, (3 Accións formativas)
Programa A Cooperativa alternativa de emprego para a mocidade galega (formación)	2 edicións, (6 Accións formativas)
Programa Creando Mellora nas Cooperativas (Bolsas para a consolidación)	4 bolsas
Programa +Coop (asesoramento emprendemento) 40h/grupo emprendedor	10
Programa Fomento do Cooperativismo en Sectores Estratéxicos (Xornadas e servizo de acompañamento a grupos promotores)	1
Programa Itinerarios de Intercooperación (Encontros e servizo de acompañamento a proxectos)	1
Servizo Auditoria Actividades Rede Eusumo	1

Subvención aprobada para executar as actividades relacionadas: 69.648,80 euros

3.- Universidade de Vigo: Dinamización do cooperativismo e a ESS en iniciativas de comunidades enerxéticas a nivel local / Convocatoria europea Life Enercom 2022

Orzamento previsto 2023-2027 : 73.853,54 € do que corresponde a 2023: 9.200,00 € / Subvención (95%) : 8.740,00 €

- Encontros presenciais de divulgación cooperativa
- Accións formativas de divulgación cooperativa
- Acompañamento a grupos promotores de comunidades enerxéticas en cooperativa
- Coordinación e comunicación do Proxecto

b) Iniciada a negociación e presentadas liñas de intervención de propostas

1.- Concello de Pontevedra

Orzamento por confirmar

Liñas de actuación presentadas: por confirmar por parte do Concello

- fomento de promoción do cooperativismo (xornada sensibilización / acompañamento grupos promotores en coop. / encontro sector cultural)
- itinerario de formación para o emprendemento en cooperativa (3 cursos) (emprendendo en coop./ traballo en equipo nas cooperativas / desenvolvendo a idea en cooperativa)
- divulgación do cooperativismo nos centros de ensino (seminario de difusión /curso de teleformación / xornada de presentación de proxectos en coop.)
- ecosistema do emprendemento en coop no municipio (mapeo do ecosistema / xornada de prescitoras de emprendemento en coop)

c) Convocatorias pendentes, garantida continuidade

1.- Concello de A Coruña. Convenio nominativo con período: 01/01/2023-31/12/2023

2.- Concello Santiago de Compostela Convenio nominativo con período: 01/01/2023-31/10/2023

3.- Deputación A Coruña : Convenio nominativo con período: 01/01/2023-31/12/2023 (En execución actividade de divulgación + formación)

3.- Convocatoria 2023 para gastos de funcionamento, período subvencionable 01/10/2022-30/09/2023

4.- Consellaria de Promoción do Emprego : Programa ES Mentoring : 01/01/2023-31/12/2023

d) Actuacións potenciais, baseadas en contactos existentes e/ou proxectos anteriores

- Proxecto POCTEP (Interreg), en proceso de elaboración da proposta (2023-2027)
- EFESO 2023-2029-Convocatoria CEPES. Convocatoria en xuño para proxectos de emprendemento
- Uvigo : Proxecto SAVES / adaptación desta ferramenta ás necesidades das cooperativas socias e grupos promotores en cooperativa
- Polos de emprendemento da ESS.

.....

ANEXO III.- Avaliación de contexto e riscos

NOVIDADES A TER EN CONTA

- posible incremento de persoal técnico vinculado á aprobación de proxectos europeos.
- os avances de negociacións con distintas administración prevén importantes volumes de execución, que non deben supor incremento da carga de traballo
- posibilidade de non convocar axuda para actividades na Rede Eusumo 2023-2024
- a existencia de novos Convenios posibilitará un maior nivel de cofinanciamento (Concello Pontevedra) e de contratación de servizos que non precisan cofinanciamento propio (Xunta de Galicia- ES Mentoring)

RISCOS

- Incumprimento de liñas de financiamento previstas
- Incumprimento do nivel de execución previstos
- Redución de orzamento aprobado por mor de incumprimentos